



## **NOVAS**

Posted Setembro 29th, 2011 by manuel

### **CURSO 2019-2020**

Comezo das sesións lectivas (clases) **11 de setembro de 2019**

Remate das sesións lectivas (clases) **19 de xuño de 2020**

Funcionamento dos servizos de comedor escolar e de transporte:

Do **11 de setembro de 2019** ata o **19 de xuño de 2020** (ambos inclusive)

(Ver máis abaixo, no punto 5, horarios do centro e do transporte escolar)

### **ÚLTIMAS NOVAS**

## **FONDO SOLIDARIO LIBROS DE TEXTO (PRÉSTAMO) E AXUDAS ADQUISICIÓN LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR 2019-2020 .**

### **A. LISTAXE DEFINITIVA ALUMNADO ADMITIDO\***



### **DE 3º E 4º EP FONDO LIBROS (PRÉSTAMO)**

**\*Non hai alumnado de 3º e 4º EP excluído.**

#### **IMPORTANTE:**

- O alumnado de 5º e 6º está oficialmente excluído do Fondo solidario de libros de texto por participar no programa Educación Dixital (E-Dixgal). Sen embargo, como se lles comunicou a final de curso, deben poñerse en setembro en contacto coa Dirección do centro para xestionar o préstamo interno.
- O libro indicado como Educación artística, correspóndese co de música.
- Os libros de préstamo (Fondo solidario) entregaranse en setembro.

Referencia normativa:

Artigo 1, punto 2. da *ORDE do 3 de maio de 2019 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto*[...]

O alumnado matriculado nos centros e cursos incluídos no proxecto educación dixital (E-DIXGAL) no curso 2019/20 está excluído da participación no fondo solidario de libros de texto e das axudas para adquirir libros de texto [...]

## [LISTAXE PROVISIONAL ALUMNADO ADMITIDO\\*DE 3º E 4º EP FONDO LIBROS](#)



## [B. LISTAXE DE VALES PARA ADQUISICIÓN LIBROS E MATERIAL ESCOLAR 2019-2020](#)



As familias que solicitaron axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar, e figuran na lista como "concedida", poden pasar polo centro recoller os vales para ir ás librarías.

### **HORARIO DE RECOLLIDA DE VALES E OUTRAS CUESTIÓNS:**

**DÍAS: LUNS A VENRES**

**HORARIO: 11:00 H A 13:30 H**

**RECOLLIDA ATA O 12 DE XULLO**

Despois desa data, se algunha familia non recolleu o vale, deberao recoller a partir do 1 de setembro de 2019.

---

## [1. LISTAXES DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR PARA O CURSO 2019-](#)



[2020](#)

(Educación infantil e Educación primaria)

Lémbrese que o alumnado de 5º e 6º de Educación primaria non debe mercar ningún libro, xa que participa no programa Educación Dixital (E-Dixgal), empregando ordenadores portátiles e material dixital da plataforma EVA, entre outros.

## 2. COMEDOR ESCOLAR 2019-2020

Os pais, nais ou titores/as legais que desexen que o seu fillo ou filla sexa usuario/a do comedor escolar no curso 2019-2020 deben entregar cuberto no centro o formulario Anexo II Modelo de autodeclaración e especificacións.

### HORARIO DE ENTREGA NO CENTRO DE FORMULARIOS AUTODECLARACIÓN COMEDOR:

**DÍAS: LUNS A VENRES**

**HORARIO: 11:00 H A 13:30 H**

**1º prazo de entrega: ata o 12 de xullo de 2019**

**2º prazo de entega: do 1 ao 10 de setembro de 2019**



[Anexo II Modelo de autodeclaración e especificacións \(+ instrución\)](#)

O servizo de comedor escolar **comezará o mércores, 11 de setembro de 2019**, e **rematará o venres, 19 de xuño de 2020.**

## 3. [CALENDARIO ESCOLAR 2019-2020](#)

- [Calendario escolar 2019-2020](#)  (Editable)



- [Calendario escolar 2019-2020](#)



- [Calendario escolar 2019-2020 publicado no D.O.G.](#)

As sesións lectivas (clases) **comezarán o mércores, 11 de setembro de 2018** , e **rematarán o venres, 19 de xuño de 2020.**

#### **4. TRANSPORTE ESCOLAR 2019-2020. (Rutas, paradas e modelos solicitudes usos excepcionais)**

- [Listado de rutas e paradas autorizadas de transporte escolar para o CEIP de Baamonde](#)



Se a parada a usar polo seu fillo ou filla non se encontra no listado anterior, ou se residen fóra da área de influencia do centro e desexa que o seu fillo ou filla faga uso dalgunha parada autorizada, debe solicitalo usando o formulario abaixo indicado para o seu caso.

- [Modelo solicitude uso transporte alumnado fóra área influencia centro educativo](#)



- [Modelo solicitude uso transporte alumnado con parada a máis de 2km centro educativo](#)



- [Modelo solicitude uso transporte alumnado con parada a menos de 2km centro educativo](#)



## Prazo de solicitude: ata o 12 de xullo de 2019

### TRANSPORTE ESCOLAR (INCIDENCIAS):

En caso de producirse calquera incidencia relativa ao transporte escolar, así como incidencias relativas á convivencia neste servizo, deben usar obrigatoriamente o seguinte formulario para comunicala á Dirección do centro o antes posible, segundo o indicado na normativa vixente.

#### [Formulario comunicación á Dirección de incidencias transporte e convivencia no transporte](#)



Normativa de referencia:

#### - **Instrución 4/2019**

da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso escolar 2019-2020.

Punto 2. [...]

*De ser o caso, as irregularidades ou deficiencias que se observen cada día na execución do servizo deberán ser comunicadas polas direccións dos centros ás Xefaturas Territoriais coa maior exactitude e no máis breve prazo posible [...]*

#### - **DECRETO 8/2015**

, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

*Artigo 36. Ámbito de corrección*

*1. Deben corrixirse as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan fóra do citado recinto **así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar***

## 5. HORARIOS DO CENTRO E DO TRANSPORTE ESCOLAR 2019-2020

- [Indícase a duración das sesións na xornada única \(setembro e xuño\) e na xornada partida \(de outubro a maio\)](#)



- Indícase o horario de entrada e saída do alumnado (xornada única e xornada partida)

	HORA DE ENTRADA	HORA DE SAÍDA
DE OUTUBRO A MAIO	9:30 h	16:00 h
SETEMBRO E XUÑO	9:00 h	14:00 h (alumnado SEN comedor NIN transporte escolar) 14:30 h (alumnado CON comedor e transporte escolar)

**PARA O ALUMNADO TRANSPORTADO:**

Rógase contacten coa empresa de transportes Autocares Muíños **982 37 05 30 / 655 290 296** / [info@autosmuinos.com](mailto:info@autosmuinos.com) (ou coidadoras ou condutor) para acordar o horario de recollida de mañá e tarde do alumnado.

Web Autocares Muíños: <https://autosmuinos.com/>



## **CURSO 2018-2019**

### **AUXILIAR DE CONVERSA (INGLÉS)**

(20/07/2018, 12:54H)

Foi nomeada Auxiliar de conversa (lingua inglesa) para o curso 2018-2019 a cidadá de nacionalidade británica Dna. Zahra Khan, compartindo este centro co CPI Dr. López Suárez de Friol.

A auxiliar realizará o seu labor no CEIP de Baamonde desde o 1 de outubro de 2018 ata o 31 de maio de 2019.

### **EDUCACIÓN DIXITAL (E-DIXGAL)**

(16/07/2018, 14:57H)

O CEIP de Baamonde foi seleccionado na resolución provisional como un dos centros participantes na convocatoria 2018-2019 do proxecto Educación Dixital (E-Dixgal), o que afectará ao alumnado participante de 5º e 6º de primaria en canto que non serán oficialmente beneficiarios do Fondo Solidario de libros de texto (préstamo de libros), usando ordenadores portátiles e libros dixitais. Sen embargo, ao haber

se lle comunicou ás familias.

O alumnado de 4º de primaria, á parte dos correspondentes libros de texto, tamén empregará ordenadores portátiles.



[Listaxe centros seleccionados resolución provisional E-Dixgal 2018-201](#)

## **1. LISTAXES DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR PARA O CURSO 2018-**



**2019**

(Educación infantil e Educación primaria)

## **2. PRÉSTAMO DE LIBROS PARA O CURSO 2018-2019 (Fondo Solidario de libros de texto 3º, 4º, 5º e 6º E.P.)**

Todo o alumnado do centro que vai cursar 3º, 4º, 5º e 6º de E. primaria , e que presentou solicitude , ten concedidos os 6 libros que se empregarán no curso 2018-2019.

[LISTAXE DEFINITIVA DE ALUMNADO E LIBROS QUE RECIBE DO FONDO SOLIDARIO \(PRÉSTAMO\)](#)



Os libros serán entregados en setembro de 2018

### **IMPORTANTE:**

Solicitouse participar no proxecto de Educación Dixital (E-Dixgal) na convocatoria 2018-2019, polo que o uso de libros de texto pode sufrir variacións. Unha vez saian publicados na web da consellería os centros participantes (resolución provisional), será comunicada nova información para as familias.

### 3. RECOLLIDA DE VALES PARA AXUDAS Á ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR (CURSO 2018-2019)

As familias que solicitaron axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar poden pasar polo centro recoller os vales para ir ás librarías.

**IMPORTANTE:** Os vales só se xeran na aplicación informática para as familias que cumpren os requisitos legais da convocatoria.

- Vales para a adquisición libros de texto: só para alumnado de 1º e 2º de Educación primaria
- Vales para a adquisición de material escolar: Todo o alumnado de Educación primaria

#### HORARIO DE RECOLLIDA DE VALES E OUTRAS CUESTIÓNS:

**DÍAS: LUNS A VENRES**

**HORARIO: 10:30 H A 14:00 H**

**RECOLLIDA ATA O 13 DE XULLO**

Despois desa data, se algunha familia non recolleu o vale, deberao recoller a partir do 1 de setembro de 2018.

#### 4. CALENDARIO ESCOLAR 2018-2019



- [Calendario escolar 2018-2019](#) (Editable)



- [Calendario escolar 2018-2019](#)



- [Calendario escolar 2018-2019 publicado no D.O.G.](#)

As sesións lectivas (clases) comezarán o mércores, 12 de setembro de 2018 , e rematarán o venres, 21 de xuño de 2019.

#### 5. COMEDOR ESCOLAR 2018-2019



Os pais, nais ou titores/as legais que desexen que o seu fillo ou filla sexa usuario/a do comedor escolar no curso 2018-2019 deben entregar cuberto no centro o formulario Anexo II Modelo de autodeclaración e especificacións.

1º prazo: ata o 13 de xullo



[Anexo II Modelo de autodeclaración e especificacións \(+ instrución\)](#)

O servizo de comedor escolar **comezará o mércores, 12 de setembro de 2018** , e **rematará o venres, 21 de xuño de 2019.**

## 6. HORARIOS DO CURSO 2018-2019

- [Indícase a duración das sesións na xornada única \(setembro e xuño\) e na xornada partida \(de outubro a maio\)](#)



- Indícase o horario de entrada e saída do alumnado (xornada única e xornada partida)

	HORA DE ENTRADA	HORA DE SAÍDA
DE OUTUBRO	9:30 h	16:00 h
A MAIO		
SETEMBRO E XUÑO	9:00 h	14:00 h (alumnado SEN comedor NIN transporte escolar) 14:30 h (alumnado CON comedor e transporte escolar)

### PARA O ALUMNADO TRANSPORTADO:

Rógase contacten coa empresa de transportes Autocares Muíños **982 37 05 30 / 655 290 296 / [info@autosmuinos.com](mailto:info@autosmuinos.com)** (ou coidadoras ou condutor) para acordar o horario de recollida de mañá e tarde do alumnado.

Web Autocares Muños: <https://autosmuinos.com/>



[Feito con Drupal \(ver. 6.28\)](#)



[Proxecto Webs dinámicas](#)

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

---

**URL de Orixe (recibido en 07/19/2019 - 09:51):** <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipbaamonde/node>